

# Proxecto Educativo

## de Centro



Ceip condesa de Fenosa

0 Barco de Valdeorras (Ourense)

[ceip.condesa.fenosa@edu.xunta.es](mailto:ceip.condesa.fenosa@edu.xunta.es)

<http://centros.edu.xunta.es/ceipcondesadefenosa>

# I.-ANÁLISE DE CONTEXTO

## I.1 CONTEXTO EXTERNO

### Situación socio-económica e cultural do entorno escolar

O CEIP Condessa de Fenosa atópase no Concello do Barco de Valdeorras, a 110 quilómetros da capital provincial, e a 17 da linde administrativa coa comunidade de Castela-León. Ten unha poboación duns 14.000 habitantes, moitos deles orixinarios doutras comarcas e rexións, que se instalan en Valdeorras por causas laborais. Moitas persoas chegaron dende Portugal en busca de traballo nas canteiras de lousa, asentándose no Barco, por ser o centro urbano máis importante da comarca.

A economía da comarca aséntase no sector primario, destacando como principal fonte de recursos a extracción de pizarra. Asemade colle pulo a produción de viño e de castañas, tras superar a crise dos anos 70-80 e apostar por unha reconversión do sector, que se ten plasmado na apertura de novas e modernas adegas, así como de naves de elaboración agroindustrial dos derivados da castaña.

No sector secundario destaca a fábrica de CEDIE, adicada á produción de carburos, áridos e químicos. Asimesmo existe un amplo sector de servizos, tanto da administración, sanidade e ensino, e unha abundosa, para o tamaño do concello, oferta do pequeno e mediano comercio.

O desenvolvemento económico da comarca arrinca nos anos 60 coa comercialización da lousa cara a Francia, país con gran tradición pizarreira e que exerce unha gran demanda de materias primas para fornecer o seu mercado. Este fenómeno provocou unha vaga de apertura de explotacións que cumprían de moita man de obra, o que atraeu un número considerable de emigrantes procedentes de Portugal e Latinoamérica, principalmente.

O Barco comunícase cos pobos do seu entorno por medio de estradas comarcais e locais, e con Ponferrada e Ourense ao través da N-120. Conta cunha estación de autobuses e outra dos camiños de ferro, aínda que esta non fai máis que perder dotacións e viaxeiros.

O Concello conta con variados servizos, entre os que se poden sinalar:

1. Deportivos: dous polideportivos cubertos municipais, campo de fútbol dotado de pistas de atletismo, pistas de tenis e canchas de baloncesto ao ar libre, escola de piragüismo
2. Zonas de lecer: ó redor do río Sil (Malecón e Salgueiral) senllas áreas de paseo, parques infantis (manifestamente insuficientes para a demanda que existe)

3. Servizos culturais: Casa da cultura (cunha programación que inclúe exposicións, teatro, cine, actuacións musicais...), Biblioteca pública, Conservatorio, Escola de Gaitas, e diversas asociacións veciñais e culturais (IEV, Vía Nova, Porto da Barca...). Tamén existen outras asociacións de índole diversa como clubs deportivos (Montañeiros, atletismo, baloncesto, piragüismo...), orfeón valdeorrés, rondalla...

En referencia os grupos relixiosos existentes na vila, destacan maioritariamente os católicos, en un segundo lugar as Testemuñas de Xehová, cun templo de seu na vila.

#### Relación entre os membros do colectivo:

Aínda que non existen graves problemas de marxinação, nin de inseguridade cidadá, si convén sinalar que se están a dar, nos últimos anos, certos problemas de marxinalidade no entorno dos inmigrantes de diversas nacionalidades, nomeadamente nos portugueses.

Asimesmo detéctase un aumento da prostitución, drogadicción e alcolismo, coas consecuentes problemáticas familiares que xeneran.

A vila do Barco, que como vimos, é de medre relativamente recente, conta cunha poboación autóctona de mediana idade, incrementada non so pola inmigración exterior, senón tamén pola chegada de novos poboadores dos pobos circundantes atraídos polos maiores servizos, facilidades e mellor calidade de vida. As unidades familiares reflicten unha alta porcentaxe de parellas xoves, nas que en moitos casos, ambos os dous pais traballan fóra da casa.

#### Nivel socio-económico familiar

Pódese dicir que o sector maioritario é o dunha clase media, media-baixa, aínda que existen sectores de niveis altos e baixos.

O nivel cultural non é moi alto en liñas xerais, aínda que tamén eiquí existe unha porcentaxe de niveis superiores relacionadas con profesións liberais.

Nas expectativas que os pais teñen respecto dos seus fillos, sinalar que maioritariamente esperan que continúen estudos (Bacharelato), se ben logo a lonxanía dos centros universitarios, con só a presenza dun centro asociado da UNED na comarca, mingua as expectativas de continuidade os estudos superiores.

Tamén é de subliñar o preocupante aspecto de que moitos alumnos se prantexen como alternativa a curto prazo entrar a traballar nalgunha das canteiras de lousa da comarca, atraídos pola independencia que lles concede o feito de ganar un salario sendo tan xoves. Isto actúa como freo para a súa motivación escolar.

#### Hábitos de alimentación e hixiene:

Hai que sinalar certas deficiencias nos hábitos alimenticios destacando un certo abuso no consumo de carne, nomeadamente porco, en detrimento do consumo de peixe, froitas e verduras. Tamén é frecuente o consumo de alcohol entre a poboación. Nos cativos obsérvase un consumo abusivo de lambonadas, que entre outros, provoca problemas de carie e niveis elevados de colesterol. Os problemas de hixiene redúcense a algúns casos esporádicos de algunhas familias onde se xuntan niveis culturais baixos e insuficiencia de servizos nos seus fogares.

## I.2 TIPOLOXIA ESCOLAR

### Datos xerais:

O colexio público Condese de Penosa está situado no suroeste do Barco, na marxe dereita do río Sil, na zona onde se ubican outros centros públicos, a coñecida como Calabagueiros. O seu enderezo é o de rúa Coruña, nº 24, co teléfono 988 321 060, correo electrónico [ceip.condesa.fenosa@edu.xunta.es](mailto:ceip.condesa.fenosa@edu.xunta.es), e código de identificación fiscal nº 32015116.

O centro conta con 6 unidades de infantil e 12 de ensino primario. Conta asimesmo cunha praza de orientación, 3 aulas de educación especial e unha de audición e linguaxe. Asimesmo ímpártense aulas de lingua e cultura portuguesa, aínda que está unidade non ten nivel xurídico.

### Distribución do recinto escolar:

O recinto escolar está formado por tres edificios destinados a distintos fins e arrodeados por patios de recreo.

1. Edificio principal: de dous pisos e formado por dous pavillóns separados por tres patios interiores, alberga a zona administrativa na zona central da pranta baixa. A zona da esquerda nesta pranta está adicada as clases de ensino infantil, mentres que na zona dereita están situados o salón de actos, sáa de psicomotricidade, biblioteca, aula de música e aula de lingua e cultura portuguesa. Nos pisos primeiro e segundo as aulas están adicadas a clases de ensino primario. Existen varias aulas, que, dependendo da disponibilidad de espazos ou necesidades especiais dalgúns alumnos, habílitense ou non para determinados fins. Contamos así dun espazo na pranta baixa para aulas de portugués, unha aula de informática, e no primeiro piso espazos para unha aula específica de lingua estranxeira.

2. A Casiña: antiga casa do conserxe, habilitada para albergar 3 aulas de educación especial, unha de audición e linguaxe e o despacho do departamento de orientación. Conta cun aseo adaptado para nenos con dificultades motoras.

3. Pavillón polideportivo: Construcción recente, dotada con duchas e calefacción,

empregado para as clases de Educación Física.

4. Patios: Contamos con tres patios, o situado á fronte do edificio principal, dotado con pista polideportiva (futbol-sala e baloncesto-voleibol) de 2000 m<sup>2</sup>. Na zona norte do colexio hai un patio cuberto sen peche exterior duns 500 m<sup>2</sup>. Na zona sur hai un patio adicado ó recreo dos alumnos/as de ensino infantil, dotado de areeiro, casiñas de madeira e brinquedos adaptados as súas idades. y

### Titularidade do centro:

O noso centro escolar é de titularidade pública e declarase aconfesional. ~f>Está dirixido por un director elixido polo consello escolar de centro, composto por profesores, pais, persoal non docente e un representante do Concello.

## I.3 ESTRUCTURA E FUNCIONAMENTO DO CENTRO

### Estructura organizativa

A normativa na que se basea o funcionamento de educación infantil e primaria encóntrase no marco de:

A consiliución española

Lei Orgánica reguladora do Dereito á Educación

Lei Orgánica Xeral do Sistema Educativo

Decreto 374/1996 de 17 de outubro no que se establece o regulamento orgánico das escolas de Ensino Infantil e dos colexios de Educación Primaria.

### Órgaos de goberno do centro

**Órgaos Unipersoais:** Director, Xefe de Estudos e Secretario, con funcións reguladas por lei.

**Órgaos colexiados:** Consello escolar, no que funciona unha comisión económica e unha comisión de convivencia, e claustro de profesores no que participa todo o profesorado adscrito ao centro.

Os mestres están, na súa maioría, adscritos á titoría dun grupo de alumnos/as, organizándose en equipos de ciclo, nos que tamén se integran os mestres con especialidades e sen titoría.

### Horario escolar:

Temos que facer unha primeira diferenciación entre horario escolar e horario lectivo, xa que o horario escolar, ademais de abranguer o horario lectivo, computa o tempo en que os alumnos transportados permanecen no Transporte escolar e o tempo do servizo de comedor.

Ao longo do curso realízanse dous horarios:

	Mañá	Tarde
outubro a maio	9:15 a 13:15 10:00 a 13:30	15:30 a 17:00
setembro e xuño	9:15 a 13:15	

O horario lectivo consta de 25 horas semanais de clase en xornada partida. Realízanse 3 sesións dunha hora de duración as mañáns, cun recreo de 30 min. (de 12:00 a 12:30) e dúas sesións de 45 min. ás tardes. Na xornada única dos meses de setembro e xuño hai 3 sesións de clases de 45 min. cada unha, un recreo de 30 minutos, e as dúas últimas sesións de 40 e 35 min. cada unha.

### Adquisición e utilización dos recursos didácticos do centro:

A adquisición de material para o centro depende do outorgado pola consellería ao efecto, así como partidas orzamentarias para o equipo de normalización lingüística, departamento de orientación e aula de lingua e cultura portuguesa.

O uso do material común (vídeo do salón de actos, aula de informática...) depende do horario de utilización. No referido ao material propio de cada ciclo, é o mesmo equipo o que se encarga de artellar o seu uso compartido.

A biblioteca do centro, amais de ter catalogados os fondos bibliográficos do centro, fai o propio cos materiais videográficos, transparencias, etc... exercendo coma un centro de recursos educativos no propio centro.

Con todo, hai que sinalar que existen determinados aparatos en mal estado que dificultan o seu uso e o do material didáctico a eles asociado. Así o estado do proxector de transparencias, o de opacos e o de diapositivas impiden o seu uso por parte do profesorado.

### Canles de participación da comunidade educativa:

Entendemos que toda a comunidade educativa debe estar implicada no proceso educativo, e nomeadamente o Consello escolar é o órgano no que están representados tódolos sectores pertencentes á devandita comunidade.

O Consello Escolar está formado polo director e xefe de estudos (o secretario actúa como secretario do mesmo, con voz pero sen voto), representantes dos mestres, representantes dos pais/nais, representante da ANPA, representante do persoal non docente e representante do Concello.

O Consello Escolar reúnese en sesións ordinarias unha vez por trimestre, e en sesión extraordinaria sempre que as circunstancias así o requiran.

### Outras cantes de participación:

No colexio funciona unha Asociación de Nais e Pais de Alumnos/as que reúne e da canle á participación dos pais/naís na vida do centro.

Asimesmo dende o centro tentase incentivar a participación dos pais/nais a través da convocatoria de reunións informativas e motivándoos para afondar na súa implicación no proceso educativo dos seus fillos/as.

### Criterios organizativos:

**Elección de curso:** Faise atendendo á permanencia no ciclo e á antigüidade no centro.

**Elaboración de horarios:** A elaboración do horario está condicionada pola existencia de mestres especialistas en música, lingua estranxeira, relixión e educación física. Tamén, e dado que hai espazos específicos para determinadas asignaturas (pavillón, aula de música, aula de psicomotricidade e aula de lingua estranxeira), a compatibilización para o uso dos espazos ten que ser tida en conta á hora da elaboración dos horarios. Por último, e como resposta as necesidades específicas de apoio de determinad@s alumn@s, organízanse obradoiros e apoios individuais en diversas materias, que, lóxicamente, deben coincidir coas materias que nese momento se imparten no grupo clase. Unha vez distribuídas as horas de acordo a estes condicionantes polo xefe de estudos, os mestres titores completan o horario seguindo as disposicións legais ó respecto.

**Elección de libros de texto, material didáctico e distribución de recursos:** Será aprobado pola comisión pedagóxica e o consello escolar a proposta dos respectivos equipos docentes.

## 2.-OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

1. Desenvolver a persoalidade dos alumnos/as para o que fomentaremos a capacidade de observación, discernimento e enxuizamento crítico sobre todo fronte dos medios de comunicación.
2. Formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, fomentando, para iso, a participación do alumnado en coloquios e debates nos que manifesten as propias ideas e respecten as dos demais.
3. Pretendemos que o alumnado aprenda a respectar:
  - > Na aula: solicitando e respectando o turno de palabra establecido.
  - > Nos pasillos e dentro do colexio: a orde ñas filas, evitando berros,

carreiras, etc...

> No patio: as instalacións deportivas, as verxas, os espacios verdes, procurando mantelo limpo co uso das papeleiras.

4. Adquirir hábitos intelectuais e técnicas de traballo, así como coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos, desenvolvendo técnicas de suliñado, esquemas, resumes, apuntes e toma de notas que faciliten a adquisición de contidos.
5. Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural así como para a paz, a cooperación e a solidariedade entre os pobos.
6. Potenciar o respecto ó entorno e a conservación do medio ambiente, fomentando actitudes ecolóxicas de aforro de materias primas e enerxía.
7. Aprender a usar, disfrutar e coidar dos bens e servicios comúns, sentindo o gusto e satisfacción polo bo cumprimento das normas de circulación e do transporte público e privado.
8. Coñece-las mensaxes básicas de circulación vial.
9. Recoñecer e tomar conciencia dos problemas viais e das situacións de risco que poidan xenerar desenvolvendo unha actitude crítica cara a comportamentos incívicos.
10. Descubrir e dar prioridade o valor do ser frente o valor de ter na toma de decisións sobre o consumo.
11. Garantizar unha autonomía persoal frente o consumismo.
12. Aprender a usar, disfrutar e coidar dos bens que se posúen ou que se consumen recoñecendo a súa utilidade real para a vida.
13. Ser capaz de ler e interpretar críticamente as estratexias de venta e en concreto as mensaxes publicitarias nos seus componentes verbais e icónicos distinguindo a súa veracidade e poder actuar libremente fronte a eles.
14. Recoñecer e sensibilizarse coas perxeas e pobos que carecen dos recursos básicos mostrando unha actitude xenerosa e solidaria.
15. Desenvolver e afianzar hábitos autónomos de coidado e de saúde persoais así como o gusto pola actividade física.
16. Capacitar os alumnos/as para participar activa e responsablemente na creación e xestión da súa propia saúde.
17. Descubrir e interiorizala propia realidade sexual como medio para relacionarnos e comunicarnos.
18. Reforza-la autonomía e a autoestima como bases para construír un proxecto de vida saudable.
19. Recoñecer situacións de perigo ou risco para a nosa saúde, sendo capaces de enfrontarse a elas.

20. Coñece-los recursos naturais básicos e os factores que inflúen positiva ou negativamente no medio ambiente da bisbarra de Valdeorras.
21. Descubrir que a nosa colaboración e unha actitude de respecto é o punto de partida para manter, reestablecer e mellora-lo medio ambiente.
22. Propiciar normas, criterios e orientacións para a solución dos problemas do medio ambiente máis próximo (aula, centro, pobo) o que derivará unha mellora na saúde.
23. Participar activamente na conservación da natureza a través de actividades de redución, reutilización, reciclaxe e non contaminación dos recursos básicos (auga, papel,...).
24. Participar nos programas de recuperación do medio ambiente máis significativo para os alumnos/as promovidos por distintas institucións (Semana da Natureza, Voz Natura, Xardín e horta escolar,...)
25. Descubrir, potenciar e desenvolve-la totalidade das potencialidades ou capacidades persoais sen deixarse influir ou mediatizar por ningún tipo de condicionante ou de limitación de carácter sexista, cultural, racial ou física.
26. Aceptar, respectar e valora-las características e calidades de outras persoas sen deixarse influir por ningún tipo de actitude discriminatoria en relación co sexo o con calquera outra característica diferenciadora.
27. Ser capaces de identificar e de realizar un análise crítico de tódalas manifestacións sexistas ou discriminatorias que se producen no linguaxe cotiá, no ámbito social e cultural e, en concreto, ñas mensaxes (icónicos e verbais) que nos transmiten a publicidade e, en xeral, os medios de comunicación.
28. Canaliza-la agresividade da persoa hacia o ben e o pensamento positivo.
29. Desenvolve-la sensibilidade, afectividade e ternura no encontro coas persoas que nos rodean.
30. Senti-la satisfacción que produce a relación de confianza, de respecto e colaboración eos demais.
31. Construír e potenciar unhas relacións de diálogo, paz e harmonía no ámbito escolar e, en xeral, en nosas relacións cotiás.
32. Recoñecer situacións de conflito, sendo capaces de tomar decisións para soluciónalas de forma creativa, fraterna e non violenta.
33. Desenvolve-lo interese na diversidade de persoas e culturas, actuando sempre con unha actitude aberta, respectuosa e tolerante.
34. Coñecer e potencia-los dereitos humanos.
35. Coñecer e colaborar con as O.N.G. na loita contra a miseria e a inxustiza no mundo.

### 3.-METODOLOXÍA

Toda a liña metodolóxica do centro basearase fundamentalmente na corrente constructivista, que postula que o neno participe física e intelectualmente na conquista dos seus coñecementos. Eis que os obxectivos metodolóxicos que nos prantexamos sexan os seguintes:

**Funcionalidade**, xa que as aprendizaxes do currículo buscarán o máximo de funcionalidade cara o alumno. Deste xeito a aprendizaxe será máis motivadora, permitindo que os novos coñecementos se fixen con máis facilidade e sexan máis sólidos ao se asentar sobre experiencias previas. Para iso faise un esforzo para adaptar os contidos ao entorno, que servan para o desenvolvemento intelectual do neno, evitando as aprendizaxes unicamente memorísticas.

**Significatividade**, o que quer decir que as novas aprendizaxes enlacen cos coñecementos xa adquiridos. Buscamos, deste xeito, o desenvolvemento integral do alumno/a. Para iso buscamos contidos con Significatividade psicolóxica (adaptados ao estadio de desenvolvemento do neno/a) e lóxica (que permitan o avance do alumno/a no seu desenvolvemento cognitivo persoal, e así fomenten unha actitude favorable cara a aprendizaxe).

**Interactividade**. Potenciando as relacións que favorezan a socialización e a comunicación, xa que a aprendizaxe vese favorecida enormemente pola interacción social, a imitación e o esforzo. Por todo isto promoveremos a participación activa, o establecemento de normas de xeito democrático, o ensino tutorizado por alumnos/as e o traballo en grupo.

**Autoaprendizaxe**, que favoreza a autonomía dos alumnos/as, e lles facilite medios para se desenvolver na vida. Exercitaremos actividades que fomenten a capacidade de reflexión, a adquisición de hábitos e técnicas de traballo intelectual e a análise dos procesos de aprendizaxe conxuntamente cos alumnos/as.

**Globalización**, entendida como estímulo para o desenvolvemento de todas as capacidades dos alumnos/as, utilizando unidades didácticas que, partindo dos seus intereses, favorezan a súa motivación, e construindo aprendizaxes significativos que lles permitan unha visión máis completa da realidade. Para isto os diferentes equipos elaborarán unidades temáticas usadas como centros de interés, partindo dos coñecementos previos do alumnado. Hase facer unha presentación dos contidos, previa ao traballo do alumnado, rematando cunha recapitulación das aprendizaxes e do proceso avaliativo.

**Non segregacionismo**, procurando a máxima integración posible dos nenos/as

discapacitados, xa que a relación social ten un grande valor no proceso de aprendizaxe. Daquela, @s nen@s sairán o menos posible das aulas, procurando que os apoios se realicen, sempre que sexa posible, dentro delas. Tamén se estudará detidamente a conveniencia da repetición de nivel deste alumnado.

**Apertura a outras correntes pedagóxicas.** Se ben o constructivismo é a base do traballo no centro, non se pode desbotar o emprego doutros tipos de metodoloxías específicas para casos determinados. Velaí o emprego as veces de metodoloxías conductistas en educación especial, a valoración, en determinados casos, da importancia da afectividade no proceso de aprendizaxe (psicoanálise), ou a importancia das pedagogías da actividade en ensino infantil e primeiros niveis de primaria.

### 3.1 A TRANSVERSALIDADE:

Os temas transversais fan referencia a problemas e conflitos de actualidade e están relacionados con actitudes, valores e normas morais. Estes temas non son paralelos aos temas do currículo, senón que son transversais a eles.

Responden a problemas analizados pola comunidade educativa, e esta débeos desenvolver e partillar. Deben desenvolverse dende as áreas curriculares e impregnar todo o ambiente e vida do centro. A coherencia destes valores debe de se manifestar no profesorado, no clima do centro e na familia, actuando como modelo a seguir polo alumnado.

Os xeitos máis doados de aplicar modelos transversais ao noso centro, pensamos que son a transversalidade espacial (o tratamento por máis de dúas áreas dunha temática determinada) e a ambiental, entendida esta como a serie de decisións que adopta o centro mediante este PEC para promover un clima favorable a determinadas temáticas transversais.

### 3.2 A COEDUCACIÓN:

No noso colexio procuramos tratar a toda a comunidade educativa con igualdade, respectando as diferencias individuais e promovendo actitudes alonxadas de estereotipos relacionados co sexo. Por iso fomentaremos hábitos e comportamentos solidarios, de axuda e cooperación, tratando de desmitificar os papeis tradicionais de home e muller.

Velaí unha serie de pautas de actuación no tocante a este tema:

1. Proponer modelos non estereotipados
2. Non fomentar conductas máis activas nos nenos e de maior pasividade ñas nenas.

3. Estimular os nenos e as nenas en todo tipo de xogos, creando un ambiente de cooperación entre ámbolos dous sexos.
4. Crear hábitos de distribución equitativa do espacio.
5. Tentar que nenos e nenas participen por igual ñas actividades propostas.
6. Corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións....
7. Realizar actividades encaminadas á adquisición de habilidades e recursos para calquera tipo de actividades domésticas ou non.
8. Implicar as familias para cultivar este aspecto educativo dos nenos/as.

### **3.4 VALORES QUE FOMENTARÁ O CENTRO:**

Toda unha chea de valores deben embeber o traballo de mestres, alumnos/as e comunidade educativa. De todos eles suliñamos como prioritarios no noso labor os seguintes, indicando os procedementos que usaremos para acadala súa consecución: Solidariedade, realizando traballos en grupo partindo de feitos ocasionáis, e empregando os medios de comunicación; partillando material común da escola e individual, fomentando a súa valoración.

Participación, facendo os alumnos/as responsables do material común dun xeito cíclico para que todos/as compartan responsabilidades.

Cooperación, axudando os alumnos/as máis avantaxados a aqueles que teñan máis dificultades en materias específicas.

Autoestima, encargando a cada un a realización de traballos para os que estea mellor dotado, co fin de que todos/as se sintan útiles e saian a relucir as cualidades que ten cada neno/a.

Tolerancia, traballando con exemplos (de ficción ou reais) as consecuencias da falla de respecto cara os demais, tratando de buscar posibles solucións.

### **3.5 LINGUA DE APRENDIZAXE**

O Barco é unha vila na que podemos observar que a lingua familiar predominante é o galego, a pesar de que iso non se traduce en moitos casos, e por mor da componente diglósica que padece a nosa lingua, na lingua de relación entre pais-fillos. Estes datos reveladores da existencia dunha forte diglosia extrañense de enquisas realizadas no centro nos anos 1995 e 1996, pero por outra banda son coincidentes eos datos que aporta o Atlas sociolingüístico de Galicia para vilas de mediano grandor:

Para entendermos mellor a situación haberá que ter en conta, ademáis, que O Barco é un centro de afluencia de emigración portuguesa, característica que comprirá a

valorar tamén, á hora de determina-la lingua de aprendizaxe do centro.

Diante desta situación tralo estudio dos distintos modelos de ensino bilingüe, e ó abeiro da lexislación actual acordamos o seguinte:

1. Adoptar programas de mantemento, é decir, usaremos maioritariamente o galego nos niveis inferiores do centro, deica acadar unha igualdade horaria nos niveis superiores.
2. Enfatiza-la capacitación do profesorado a nivel de competencia lingüística, desterrando actitudes negativas cara ó ensino en galego e á propia lingua.
3. Promover traballos entre os mestres para a galeguización dos contidos educativos.
4. Normalizar as relacións do centro coa comunidade escolar.
5. Promover campañas de dignificación do idioma, tendentes a aumenta-la autoestima de toda a comunidade escolar.

### 3.6 PLAN DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:

Os obxectivos que procuramos acadar son os seguintes:

1. Acadar, ao remate da escolaridade, un bo dominio do idioma, tanto a nivel oral coma escrito.
2. Normalizar o uso do idioma en canto escrito sexa orixinado no centro.
3. Desterrar actitudes diglósicas, o que ha levar a un uso consciente e orgulloso do idioma de noso.
4. Implicar a toda a comunidade educativa no proceso normalizador.
5. Favorecer a competencia lingüística de todo o profesorado mediante actividades de formación.
6. Coordinar esforzos con outros ENLs para levar adiante campañas de concienciación e potenciación do uso do idioma.
7. Introducir o estudio de contidos culturais galegos
8. Fomentar o coñecemento e respecto diante das variantes dialectais do noso idioma, desbotando a idea de que un galego con xiros dialectais é un rexistro vulgar do idioma.

### 3.7 AVALIACIÓN

A avaliación debe ser un proceso orientado cara a autoavaliación, e que serva de canle de información para alumnos/as, mestres e pais/nais e retroalmente o proceso de ensino-aprendizaxe. A avaliación deberá facer referencia a todos os aspectos do desenvolvemento infantil, deberá ser continua no tempo e cualitativa e cuantitativa.

Debemos avaliar non só os procesos de aprendizaxe, senón tamén os procesos de ensino, é dicir, non só os alumnos/as, senón tamén os mestres e os recursos educativos. Debemos avaliar non só os resultados senon tamén o proceso e o esforzo, tanto cualitativa coma cuantitativamente.

A avaliación será **continua**, eis que ademáis de empregar os tradicionais exames, haberá que dispor doutros instrumentos de información que teñan como base a observación, análise de tarefas e traballos escolares. Tamén é de subliñar que a avaliación non será de carácter comparativo, senon **individualizada e criterial**, é dicir, hase avaliar en función do punto de partida do alumno/a e non en función dunha norma.

Por último lembrar a necesidade dunha avaliación inicial, unha continua coa función de retroalimentar o proceso ensino-aprendizaxe, e unha avaliación terminal, coa función de informar os participantes dos procesos educativos a cerca deses mesmos procesos.

### 3.8 ACCIÓN TITORIAL

A función da acción titorial é a do control do alumnado, e a de darlle elementos para reflexionar sobre os seus propios procesos de aprendizaxe. Cada mestre -agás os especialistas non asignados a titoría- desenvolve, ademáis das súas tarefas docentes específicas, as accións de titoría do seu grupo de alumnos/as.

#### Actividades do Titor:

1. Representar os seus alumnos/as.
2. Informar os alumnos/as sobre as normas de disciplina do centro, así como da función do profesor-titor na clase e no centro.
3. Recoller información sobre os seus alumnos: situación familiar, número de irmáns, datos escolares do expediente académico e de anteriores titores.
4. Organizar reunións periódicas cos pais/nais:
  - a principio de curso para comunicarlle aos pais/nais o plan de traballo e os obxectivos e para lles reclamar a súa colaboración.
  - a principio de cada trimestre para falar do traballo realizado polos alumnos/as.
  - a final de curso para lles informar dos obxectivos acadados e suxerir actividades para o verán.
  - Tamén se realizarán entrevistas individualizadas cos pais para facer informes máis persoalizados.
5. Programar actividades fóra do colexio en colaboración cos pais/nais.

6. Establecer co grupo un clima de afecto e apoio para que ningún neno/a se sinta só diante dos problemas do entorno escolar:
7. Dedicar tempo a debater e solucionar os problemas que poideran ter os seus alumnos no patio, na clase, cos profesores, nas filas...
8. En caso de observar retrocesos no proceso educativo, investigalas posibles causas.
9. Detectar causas de problemas escolares e/ou de conducta para poder solucionarlos coa colaboración do departamento de orientación.e/ou outros mestres.
10. Establecer reunións cos demais titores de ciclo para programar, reaxustar e reelaborar a programación.

### Funcións do departamento de orientación

Como **obxectivos** prioritarios do departamento de orientación destacámo-los seguintes:

1. Dar estabilidade os canles de funcionamento creados dentro do propio centro, e atende-las demandas dos centros adscritos.
2. Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
3. Asesorar e orientar ó alumnado, ó profesorado e as familias para a mellora da calidade do ensino.
4. Apoiar os procesos de ensino-aprendizaxe os ámbitos de apoio as necesidades educativas especiais (NEE) e de atención á diversidade.
5. Contribuir ao fomento das relacións cas familias do alumnado e con aqueles servicios e institucións que prestan atención socioeducativa e sanitaria ó noso alumnado no marco dunha intervención multiprofesional.

### **Obxectivos referidos ao Centro**

1. Colaborar na elaboración/revisión do PEC, PCC, así como na memoria de final de curso do centro.
2. Cooperar coa comunidade educativa (Equipo Directivo, profesorado, alumnado, ANPA, comisións) e outras favorecendo canles de comunicación e actuación.
3. Potencia-la coordinación e cooperación entre o Centro e as familias, facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida.

### **Obxectivos referidos ao alumnado**

1. Contribuir á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe -medidas de atención á diversidade- impulsando iniciativas de compensación de desigualdades de orixe.
2. Procura-la integración do alumnado no seu grupo e no conxunto da dinámica escolar.
3. Atender as demandas persoais de orientación que se presenten, así como as nee.
4. Potencia-la orientación educativa e profesional, sobre todo no terceiro ciclo da educación primaria.
5. Tratar de levar á práctica un deseño funcional de orientación educativa e acción titorial con fins preventivos, compensadores e de desenrolo persoal.
6. Desenvolver programas de adquisición de habilidades, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe incardinadas no propio currículo.
7. Identifica-las dificultades e potencialidades do alumnado con nee, concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.
8. Contribuir á detección das necesidades dos alumn@s así como á busca dos recursos necesarios para o logro dunha maior eficacia no labor educativo
9. Establecer criterios para a determinación de medidas educativas extraordinarias tales como: adaptacións curriculares, permanencia ou promoción nun ciclo.

### **Obxectivos referidos ao profesorado**

1. Coordina-la actuación do profesorado titor, o profesorado de apoio as nee e a orientadora de cara a dar resposta as nee do alumnado.
2. Colaborar no proceso de avaliación formativa de cada grupo e a información ó alumnado e as familias.
3. Asesorar ó profesorado na planificación, desenrolo e avaliación do seu traballo.
4. Facer posible a colaboración do profesorado ñas tarefas de acción titorial e orientación educativa.
5. Colaborar na resolución das necesidades que teñan os titor@s para levar a cabo a función titorial.
6. Apoia-la actuación do profesorado proporcionándolle información sobre

recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer-lo seu labor docente e tutorial.

### **Obxectivos referidos ás familias**

1. Promover, en colaboración cos títteres, actividades informativas e orientadoras que impliquen as familias na consecución dos obxectivos educativos marcados.
2. Establecer os contactos necesarios coas familias de forma individual ou colectiva co fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fill@s.
3. Establecer canles de comunicación, información e participación recíprocos.
4. Informar e asesorar as familias do alumnado con nee.

### **Obxectivos referidos á colaboración con servicios e institucións externas ao centro.**

1. Solicitar asesoramento do equipo de orientación específico nos temas que se considere necesario.
2. Colaborar cos servicios sociais do Concello nos casos de alumnos/as e familias que o precisen.
3. Colaborar cos servicios do HCV dos que fan uso algúns dos nosos alumnos/as: pediatría, saúde mental, fisioterapia.

### **Relacións coa comunidade educativa**

O colexio, tanto directa como a través dos órganos colexiados ou da ANPA, fomentará os encontros da comunidade, coa fin de coordinar ao máximo, o esforzo de pais/nais e mestres no labor educativo.

Daquela planifícanse as seguintes reunións:

Reunións para tratar de problemas graves de conducta

Reunións de coordinación coa ANPA para a organización de actividades complementarias e extraescolares do alumnado.